



ENTROIDO 2019

ESTIMADAS FAMILIAS:

Xa se vai achegando a festa do Entroido 2019 e este ano empezaremos a celebralo coa "Semana do Meco".

Durante esa semana os nenos e nenas virán ao cole vestidos cumprindo os seguintes mandatos do Meco:

| LUNS 25 | MARTES 26 | MÉRCORES 27 | XOVES 28 | VENRES 1 |
|--|--|---|---|---|
| -Calcetíns chamativos e de pares diferentes por enriba do pantalón | -Calcetíns chamativos e de pares diferentes por enriba do pantalón - Un mandil ou mantelo | -Calcetíns chamativos e de pares diferentes por enriba do pantalón - Un mandil ou mantelo -Algo na cabeza | -Calcetíns chamativos e de pares diferentes por enriba do pantalón - Un mandil ou mantelo -Algo na cabeza -Algo no pescozo | Disfrazaranse no centro cos traxes elaborados nas aulas |

1) A FESTA DE ENTROIDO deste ano terá o seguinte PROGRAMA:

- Ás 9:00 horas, chegada á aula e preparación dos disfraces, que este ano versarán sobre "O MAR".
- Ás 10:30 horas, saída das aulas cara ó pavillón, desfile e coreografías de 6ª de E.P.
- Ás 11:45 horas, sorteo das cestas da viaxe de estudos do alumnado de 6º de primaria.
- Ás 12:00 horas, saída cara o patio mentres preparamos as mesas para as degustacións por parte do alumnado dos produtos típicos do entroido no pavillón do centro.
- Ás 13:00 horas, baile de entroido no pavillón.
- Ás 13:45 horas, volta ás aulas e recollida de material.
- Ás 14:00 horas, fin da xornada.

Os/As pais/nais que queiran ver o desfile e participar activamente na festa de entroido, poderán acudir ó pavillón ás 10:30 horas, debendo **situarse nas gradas**. Suxerimos que veñan tamén **disfrazados do tema deste ano**. Ao final do desfile infantil pediremos que desfilen os pais e nais que vaian disfrazados. **Participade!!!**

2) DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS DO ENTROIDO

No canto do "bocata" de todos os días, suxerimos que, o venres día 1 de marzo, o alumnado traia algún doce propio do entroido: filloas, orellas, roscas, chulas... ou calquera outro produto da rica e variada gastronomía destas datas sinaladas. Esta repostería será compartida por todo o alumnado cos/cas seus/súas compañeiros/as de etapa. (Por favor, prégase traer pouca cantidade e en envases non retornables.)

Sen outro particular e dándolles as grazas anticipadas pola súa colaboración, saúdaos atentamente.

Burela, 21 de febreiro de 2019

A directora



Ma Josefa Fernández Amor